

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027964	IES de Oroso	Oroso	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Oratoria	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	11
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	15

1. Introducción

Na sociedade da información actual é imprescindible a arte da oratoria. Son hoxe en día numerosos os contextos nos que calquer persoa ten que poñer en práctica as súas competencias como orador, ben sexa falando coa familia, ben sexa falando no ámbito do traballo, das relacións sociais, da vida pública exercendo o noso deber como cidadanos democráticos, ou no ámbito da escola. É imprescindible dominar a oratoria para desenvolverse no mundo actual cheo de debates, mesas redondas, defensas de tesis ou traballos académicos, entrevistas de traballo, etc. Ademais, a argumentación e as mensaxes persuasivas tamén están máis presentes ca nunca, só temos que fixarnos na exitosa cultura audiovisual e de consumo, combinadas ambas de maneira climática na publicidade. Únense na publicidade a oratoria, a arte de falar e a retórica, e a arte de persuadir. Dende o mundo clásico ata o século XIX as dúas disciplinas constituíron o núcleo básico da educación, ensinar a falar e a argumentar, destrezas básicas para calquer cidadán. Con todo, nos últimos anos a súa presenza na ensinanza viuse reducida. A este feito pretende poñer solución esta materia, que tamén contribuirá a mellorar certas competencias clave como a competencia lingüística, a competencia persoal, social e de aprender a aprender e a competencia emprendedora do alumnado.

O centro para o que se diseñou esta programación localízase en Oroso, concretamente, na comarca de Ordes (A Coruña). A maior parte do alumnado deste centro provén de familias dun nivel socioeconómico e cultural medio moi ligado ao sector primario e terciario. Porén, o alumnado está formado por un grupo moi diverso con diferentes características que forman parte da atención á diversidade da que se falará no punto seis.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Aprender a falar en público para participar na mellora da vida colectiva, para configurar a propia traxectoria académica, profesional e vital, e para fortalecer unha imaxe propia positiva ante nós mesmos e ante os demais.	1-5	1-3	4	3	1	2		
OBX2 - Coñecer os fundamentos da oratoria clásica e a súa relación coa retórica e a práctica do debate.	2-4							1-2
OBX3 - Recoñecer e analizar os distintos discursos persuasivos propios da nosa realidade social e os seus ámbitos de difusión: a prensa, a política, a publicidade e as relacións persoais.	1-2	1	1-2			1	3	1-2-3-4
OBX4 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	2-3			1	4	1-3-4		
OBX5 - Desenvolver as destrezas propias da comunicación oral: a competencia lingüística, as competencias sociais e cívicas e o sentido da iniciativa.	1-5	1-2-3	3-4		1-3	2	1	3
OBX6 - Empregar axeitadamente os distintos códigos verbais e non verbais propios do discurso persuasivo.	1	1-3			1-4-5	1-3	2-3	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Empregar distintos soportes e ferramentas tecnolóxicas e informáticas en apoio do discurso persuasivo.	3			1-2-3-4-5	4			4
OBX8 - Recoñecer e empregar a capacidade persuasiva da palabra conservando unha base ética sólida e rexeitando usos perversos ou contrarios á convivencia.	5	3	2-3-4-5	4-5	2	1-2-3-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A arte de persuadir.	Nesta primeira unidade afondaremos sobre os conceptos fundamentais da oratoria, compoñentes e as partes do discurso persuasivo. Tras isto, adentrarémonos nos catro principios do bo orador, a captatio benevolentiae e as posibles adaptacións do discurso. Por último, trataremos os tipos de discursos persuasivos e os seus ámbitos de difusión.	17	20	X		
2	A estrutura da argumentación. Como argumentar e opinar.	Nesta segunda unidade achegarémonos a estrutura do discurso e a disposición das ideas. Veremos como seleccionar as ideas, os recursos argumentativos, a coherencia, cohesión e corrección nos discursos e exposicións e as mellores técnicas de memorización e dicción.	17	19	X		
3	Selección da información. En busca da verdade.	Nesta terceira unidade profundizaremos nas mensaxes altamente eficaces e nos recursos retóricos. Aproximarémonos á alfabetización mediática, aos tipos de fontes documentais e á selección das ideas, non sen ter en conta a xestión da información dende un punto de vista crítico que respete os principios de propiedade intelectual. Por último, levaremos a término procesos de revisión con correctores lingüísticos e exposición orais con soportes informáticos e audiovisuais.	33	30		X	
4	Falamos con outros. Emoción e cortesía.	Nesta cuarta unidade confrontaremos a oratoria individual coa grupal.	33	36			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Falamos con outros. Emoción e cortesía.	Comezaremos xestionando as emocións positivas ao falar en público e traballaremos as emocións negativas. Ademais, desenvolveremos diferentes contidos relacionados coa quinésica, a linguaxe corporal e a naturalidade e empregaremos o debate académico como ferramenta para practicar a argumentación e a escoita activa.	33	36			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A arte de persuadir.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Coñecer as bases fundamentais da oratoria.	Coñecer o século e o lugar onde surxe a Oratoria.	PE	43
CA1.2 - Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico.	Coñecer e diferenciar o significado dos termos de "oratoria" e "retórica".		
CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.	Coñecer, empregando o termo latino, os compoñentes imprescindibles para a correcta composición do discurso persuasivo.		
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Coñecer e diferenciar dous tipos de discursos persuasivos: os que se difunden mediante a publicidade e o dos medios de comunicación.	TI	57
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Crear un texto breve e claro cunha mensaxe persuasiva.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Coñecer o significado do termo "proxémica" e poñer en práctica o concepto con certa naturalidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio. - A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas. - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais. - Adecuación do discurso ao contexto.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia. - Proxémica: espazo escénico.

UD	Título da UD	Duración
2	A estrutura da argumentación. Como argumentar e opinar.	19

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Coñecer os conceptos de información e opinión.	PE	25
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	Redactar o discurso con coherencia, cohesión e corrección lingüística.		
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Identificar o propósito dos discursos persuasivos.	TI	75
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Deseñar un texto persuasivo tendo en conta a canle de comunicación de que dispón.		
CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	Elaborar de forma oral argumentos e contraargumentos.		
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	Identificar a estrutura do texto e a relación entre as ideas que expón.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Coñecer os recursos propios da argumentación: premisa, tese e siloxismo.		
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	Coñecer as técnicas mnemotécnicas do discurso.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Pronunciar con corrección e claridade un texto dado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A argumentación como factor clave: tipos de argumentos. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos. - Coherencia e cohesión. - Corrección lingüística. - Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio. - Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.

UD	Título da UD	Duración
3	Selección da información. En busca da verdade.	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	Localizar e seleccionar a información atopada para o obxectivo do seu discurso.	PE	25
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Coñecer os métodos de revisións e correccións do texto.		
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	Coñecer as fontes das que pode obter información.	TI	75
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Avaliar a idoneidade da información buscada.		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	Coñecer os usos das tecnoloxías dixitais, tendo en conta a posverdade e a propiedade intelectual.		
CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	Presentar un texto aprendido sen perder a improvisación.		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	Deseñar presentacións sinxelas con diapositivas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. - Documentación e investigación. Alfabetización mediática. - Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación - Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias. - Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade. - Procedementos retóricos. Características estilísticas. - Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos. - Interiorización do discurso. - Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.

UD	Título da UD	Duración
4	Falamos con outros. Emoción e cortesía.	36

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Realizar unha exposición individual e procurar manifestar confianza, seguridade e serenidade.	TI	100
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Recoñecer as emocións negativas (medo escénico, inseguridade, nerviosismo, etc.) como unha manifestación natural da exposición perante o público e desenrolar hábitos saudables para controlalas.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Coñecer o emprego da mirada, da posición do corpo e da xestualidade de maneira natural, ademais de pequenos vicios e tics que se consideran inadecuados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Habilidades de comunicación non verbal e xestual. - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade). - Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics. - Naturalidade fronte a artificiosidade. - O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Nas primeiras sesións do curso será importante explicar como se desenvolverán as clases. A primeira sesión do curso dedicárase a explicar ao alumnado, as normas xerais da clase: as normas da materia, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación do curso, os mínimos esixibles para obter unha avaliación positiva, os criterios de cualificación, os procedementos de avaliación da aprendizaxe que se van utilizar e os sistemas de cualificación; así como o material necesario e o seu uso. Explicaráselle que todos estes datos quedan a súa disposición e a da súa familia na web do instituto.

Por isto, serán fundamentais certas intervencións educativas relacionadas con "aprender a aprender":

- Ter como punto de partida o nivel de desenvolvemento do alumnado.
- Lograr a construción de aprendizaxes significativas .
- Conseguir que o alumnado faga aprendizaxes significativas por si mesmo.
- Facer que o alumnado modifique os seus esquemas de coñecemento.
- Incrementar, na medida do posible, as actividades mentais do noso alumnado.

Para conseguir todo isto é preciso que o proceso de ensino-aprendizaxe conecte coas necesidades, intereses, capacidades e experiencias da vida cotiá dos alumnos e alumnas. Así pois, a información que reciben debe ser percibida por eles como lóxica, comprensible e útil. Deste xeito o alumnado terá unha disposición favorable para aprender e estará motivado para relacionar os contidos novos con aqueles adquiridos previamente. Os contidos deben relacionarse cos seus puntos de interese e abordarse en contextos de colaboración e con carácter interdisciplinar.

Nesta materia primárase un enfoque práctico ligado a metodoloxías activas e participativas organizadas baixo dous eixes: a aprendizaxe significativa e a aprendizaxe cooperativa. Ademais, a aprendizaxe autónoma tamén será desenvolvida naquelas actividades nas que os alumnos e alumnas traballen individualmente, como por exemplo nas exposicións orais. Por último, faremos fincapé en actividades integradas que permitan ao alumnado desenrolar a aprendizaxe baseada en competencias, tal e como establece a actual ley de educación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais orais.
Materiais impresos.
Materiais de traballo.
Materiais de área.
Materiais informáticos.
Materiais de imaxe fixa.

Os materiais orais serán os máis empregados de toda a materia, posto que imos incidir na vertente práctica e oral da aprendizaxe do alumnado. Aínda así, tamén traballaremos con materiais impresos (fotocopias ou apuntes) que o docente irá entregando ó alumnado cando considere oportuno debido a ausencia do libro de texto como ferramenta didáctica. Porén, serán esenciais certos materiais de traballo como lápis ou bolígrafo e un caderno no que se realizarán os borradores e guións oportunos previos a unha actividade de exposición oral. Ademais, tamén serán empregados certos materiais de área facilitados polo docente para traballar aspectos da materia como a proxección da voz, a capacidade pulmonar ou a entonación nos diferentes encontros sociais, entre outros (velas, micrófonos, etc.). Por último, os materiais informáticos e os de imaxe fixa serán útiles tanto para proxectar vídeos de grandes oradores, como para informar sobre algún contido ou como apoio ou soporte das propias exposicións que o alumnado realizará ao longo do curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso realizaremos unha proba inicial baseada na observación na que pescudaremos que saben facer os alumnos e alumnas, para empezar a construír o coñecemento desde unha base real. Esta proba terá un carácter diagnóstico, ademais de ser útil para adoptar as medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	33	33	100
Proba escrita	43	25	25	0	20
Táboa de indicadores	57	75	75	100	80

Criterios de cualificación:

A avaliación vai ser sempre unha ferramenta que nos axudará a revisar, adaptar e mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. É por iso que vai ser decote o alumnado quen condicione o ritmo da clase. Por isto, é posible que haxa determinados contidos que, malia se traballaren nun trimestre, deben ser revisados no seguinte. Ademais, no terceiro e último trimestre, farase unha síntese de todo o dado ao longo do curso para intentar enfrontar con éxito o curso próximo.

Haberá, en primeiro lugar, unha avaliación inicial que nos servirá para determinar os coñecementos previos de cada alumno ou alumna. Logo, a avaliación será continua e formativa, e axudaranos a localizar, valorar e interpretar as necesidades pedagóxicas que poidan xurdir ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe. Finalmente, faremos unha avaliación final ou sumativa na que se determinará se se acadaron ou non ou ata que punto os obxectivos propostos para este nivel.

Realizaranse tres avaliacións, unha por trimestre, e tentarase facer un uso práctico do aprendido ao longo do curso. A cualificación de cada avaliación farase en función do seguinte baremo:

- 20%: probas escritas (unha por avaliación).
- 50%: exposición oral ao final do trimestre.
- 30%: traballo diario na clase e deberes.

Polo que se refire ás penalizacións, nas probas escritas rebaixaranse 0,2 puntos por cada falta de ortografía distinta (incluídos acentos ortográficos), mala letra e mala presentación (ata 2 puntos).

Avaliación final:

A nota final calcularase facendo a media das tres avaliacións parciais. Para superar a materia, o alumnado deberá obter unha media igual ou superior a cinco.

Dado que a nota de cada avaliación debe ser exacta e non se admiten decimais, será a profesora a que decida se redondea de forma positiva ou non en función da evolución, traballo, interese, atención e esforzo de cada alumno ou alumna.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non acade unha media igual ou superior a cinco poderá facer unha exposición oral e/ou unha proba escrita que versarán sobre os contidos daquelas avaliacións nas que estes apartados estean suspensos. Só recuperará a proba ou probas que non acadaron un resultado positivo. Non se poderán recuperar as avaliacións nas que a proba escrita e a exposición oral estean aprobadas, aínda que a avaliación poida resultar suspensa ao aplicar o 30% relacionado co traballo diario. Unha vez correxidos, calcularase a media cos mesmos criterios que nas

avaliacións parciais, pero cambiando os resultados dos traballos e/ou probas anteriores polos acadados nesta recuperación. Manteranse os resultados obtidos nese 30% que corresponde coas tarefas diarias, participación, deberes, etc. e os daquelas avaliacións que o alumno aprobou durante o curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que promociione coa materia pendente deberá facer unha proba escrita (30%) e unha exposición oral (70%) en cada avaliación, de tal maneira que a nota final da materia pendente será a media das tres avaliacións. Polo que se refire ás penalizacións, nas probas escritas rebaixaranse 0,2 puntos por cada falta de ortografía distinta (incluídos acentos ortográficos), mala letra e mala presentación (ata 2 puntos).

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os/as estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

A avaliación inicial ao comezo de curso permitiranos detectar que alumnos/as precisan de medidas de atención á diversidade. Estas poderán ser tidas en conta dentro da aula ordinaria ou precisarán dunha atención que poderá ser

proporcionada mediante reforzos educativos ou na aula de Pedagogía Terapéutica.

Dentro da aula ordinaria poderanse propoñer actividades de diversos tipos e graos de dificultade para un mesmo contido; utilizar materiais variados con diferentes graos de complexidade; ter en conta os contidos prioritarios e os secundarios; realizar actividades de ampliación... o que permitirá que cada alumno/a realice as actividades máis axeitadas ao seu ritmo e capacidade de traballo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X
ET.2 - Educación cívica e en valores.	X	X	X	X
ET.3 - Formación estética.	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X
ET.5 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X
ET.6 - Liberdade de expresión.	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X
ET.8 - Comprensión lectora.	X	X	X	X
ET.9 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.10 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X
ET.11 - Competencia dixital.	X	X	X	X

Observacións:

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia. Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoración do 25N.	Farase unha manifestación co gallo do 25 N que terminará no concello do pobo e, nese intre, o alumnado de Oratoria lerá un manifesto que, previamente, traballarían para dar voz a aquelas persoas que, polos motivos que sexan, non poidan.	X		
Saídas ou charlas relacionadas coa materia.	Proporanse saídas, charlas ou obradoiros relacionados cos contidos da materia.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Metodoloxía empregada
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Explicáronse e corrixíronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)

Medidas de atención á diversidade
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requiren.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propondo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente de cursos anteriores.

Descrición:

Para valorar o desenvolvemento do proceso do ensino e a práctica docente o profesorado pretende coñecer a opinión de todos os membros do Departamento e a dos alumnos/as, o que poderá facerse a través de intercambios de opinión ou debates co alumnado sobre cada unidade didáctica ao final da mesma; a posta en común nas reunións de Departamento con todos os membros deste; ou realizando enquisas tanto ao alumnado como ao profesorado que imparte a materia. Na enquisa dirixida aos alumnos poderán constar cuestións que nos permitan obter datos como:

- Interese sobre o tema tratado.
- Interese sobre as actividades desenvoltas: se foron ou non suficientes, se se adecuaron ao tema e o alumnado...
 - Opinión sobre o xeito de traballar a profesora na aula: se se expresa con claridade, se domina a materia, se escoita ao alumnado, se deixa tempo suficiente para as actividades e as conclusións...
 - As súas aprendizaxe con respecto ao tema que aprenderon.
 - Na enquisa para a profesora obteremos datos sobre:
 - Interese percibido no alumnado.
 - Eficacia da metodoloxía para a participación do alumnado.
 - Posibles modificacións dalgún dos aspectos programados.
 - Alumnado que precisa reforzo.
 - Alumnado que precisa actividades de ampliación.

Ademais, teranse en conta os resultados da avaliación das alumnas/os nas diferentes actividades e probas, o contraste de opinións e experiencias con outros e outras docentes da nosa materia ou de outras... Todo isto nos permitirá obter información sobre o propio labor docente que despois se poderá reflectir na avaliación da propia programación que se levará a cabo ao longo do curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

-A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.

-A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.

-Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.

-Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.

-As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.

-A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.

-A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades

previstas.

-A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.

-A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.

-A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados